



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

EXPTE. 2022/G010/000004

**ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA
CONCELLO PLENO
13 DE MAIO DE 2022**

Sres./ Sras. Asistentes:

Sr. Alcalde-Presidente:

D. Eduardo J. Parga Veiga

Sres./Sras. Concelleiros/as:

D. Miguel Ángel Fernández Mirás

Dna. M^a Soledad Blanco Gorín

Dna. Noelia Freijeiro Novo

Dna. María del Pilar Doldán Pose

D. Walter Pardo Añón

D. Sergio Manuel García Villar

Dna. María Manuela Álvarez Rey

Dna. Leticia Naya Varela

D. Miguel Ángel Varela Varela

D. Alfredo Cañizo Garrido

Escusan a súa asistencia:

D. Fernando Rodríguez Baldomir

D. José Ángel Garrido Suárez

Secretaria:

Dna. M^a Loreto López Fernández

No Salón de Plenos da Casa do Concello, sendo as 10:00 horas do día **trece de maio de dous mil vinte e dous** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Eduardo J. Parga Veiga, asistidos da Secretaria da Corporación, Dna. M^a Loreto López Fernández, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, asiste á sesión a interventora da Corporación, Dna. Ana María Iglesias Gato, ao obxecto de celebrar **sesión extraordinaria**.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, o Sr. Alcalde-Presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

ORDE DO DÍA

ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO 2022 E DO CADRO DE PERSOAL



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Dáse lectura ao ditame emitido pola Comisión Especial de Contas:

1.- Elaborado o orzamento xeral do Concello de Malpica correspondente ao exercicio 2022 (expediente núm. 2022/T004/000001), previamente informado pola Intervención e a Secretaría e cos seguintes anexos e documentación complementaria:

- Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co vixente.
- Informe económico-financeiro.
- Anexo dos Investimentos reais a realizar no exercicio e o seu programa de financiamento.
- Anexo da débeda municipal pendente de reembolso.
- Anexo de persoal.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de convenios subscritos coa comunidade autónoma en materia de gasto social.
- Resumo da liquidación do orzamento dos exercicios 2020 e 2021.

2.- Elaborado o cadro de persoal ou plantilla para o ano 2022, que comprende todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, debendo aprobarse con ocasión do orzamento.

Considerando o establecido no artigo 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 90.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse ao pleno da corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Malpica de Bergantiños para o exercicio 2022, que ascende a un importe total de 5.257.221,41 euros no estado de ingresos e no estado de gastos, conforme ao detalle que figura no expediente.

Segundo.- Que á entrada en vigor deste novo orzamento todas as modificacións que se teñan efectuado sobre o prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais (art. 21.6 do RD 500/90), agás as efectuadas despois da formación do expediente ou que non estean incluídas nos créditos e previsións iniciais do novo orzamento así como as incorporacións de remanentes, os suplementos de crédito e os créditos extraordinarios que non estean financiados mediante baixas.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal (plantilla) do ano 2022, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.

Cuarto.- Expor ao público o orzamento municipal e o cadro de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de presentación de reclamacións polos interesados. De non presentarse ningunha reclamación consideraranse elevados a definitivos estes acordos.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Sr. Alcalde-Presidente: “Son uns orzamentos que crecen un 9,02% respecto dos últimos orzamentos aprobados, que son os do ano 2020, esta porcentaxe supón un aumento de 436.604,97 euros, ascendendo o orzamento 2022 a 5.277.221,41 euros.

Paso a desgranar: Capítulo 1, impostos directos: 1.361.317,01 euros; Capítulo 2, impostos indirectos: 18.379,21 euros; Capítulo 3, taxas e outros ingresos: 922.905,16 euros; Capítulo 4, transferencias correntes: 2.741.334,75 euros; Capítulo 5, ingresos patrimoniais: 0; Capítulo 6, alleamento de investimentos reais: 0; Capítulo 7, transferencias de capital: 213.285,28 euros; Capítulo 8, activos financeiros: 20.000 e Capítulo 9, pasivos financeiros: 0. Total: 5.277.221,41.

Polo que se refire a gastos, Capítulo 1, gastos de persoal: 1.735.271,77 euros, sube un 2,39%; Capítulo 2, gastos en bens correntes e servizos: 2.852.376,66 euros, sube un 19,62 %, neste capítulo hai un incremento notable respecto ao ano 2020 destacando a dotación para a prestación do servizo de axuda no fogar, SAF, derivado do aumento do número de horas concedidas tanto pola Xunta de Galicia para o SAF dependencia valorada como pola Deputación Provincial para o SAF de libre concorrencia. Tamén se incrementa a dotación para os gastos de subministración de enerxía eléctrica derivados do aumento do prezo da mesma; Capítulo 3, gastos financeiros: 25.000,00 euros, incrementase polo aumento nos gastos en comisións bancarias; Capítulo 4, transferencias correntes: 185.920,10 euros, redúcese un 14,08%, isto débese principalmente a que as dotacións para as achegas do Punto Limpo son inferiores xa que noutros anos se dotaban contías pendentes de exercicios anteriores e o mesmo sucede coas axudas a entidades deportivas, se ben se incrementan as destinadas a entidades culturais e as achegas polos convenios con outros concellos para o reforzo da policía local; Capítulo 6, investimentos reais: 458.652,88 euros, redúcese en máis do 10%, pero son contías ligadas a subvencións que experimentarán aumentos debido ao outorgamento de novas axudas procedentes de plans adicionais do POS+, así como das que conceda a comunidade autónoma ao longo do ano; Capítulo 8, activos financeiros: 20.000,00 euros, igual á do ano 2020, comprende exclusivamente os préstamos e anticipos de nómina e o Capítulo 9, pasivos financeiros: non están previstos gastos de amortización derivados das operacións de endebedamento.

Estamos a aprobar un orzamento que entendemos, desde o equipo de goberno, que se axusta ás necesidades que os veciños e as veciñas do concello de Malpica teñen.

Estamos a cubrir, na medida que o orzamento o permite, as necesidades de primeiro orde: como son servizos, cultura, deporte, servizos sociais... novas infraestruturas e turismo.

Creemos que con este orzamento 2022 estamos a cumprir coas expectativas que nos temos marcado para este ano”.

O voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Varela Varela: “Desde o grupo municipal do BNG creemos que os orzamentos do ano 2022, que hoxe presentan para a súa aprobación, son uns orzamentos claramente mellorables e lamentamos que desde o grupo de goberno non se puxeran en contacto co grupo do BNG para que se fixeran achegas ou propostas a estes orzamentos.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O que si trasladamos é que en canto estean aprobados, teñan en conta as recomendacións e os reparos da intervención, e saquen a licitación pública diferentes servicios, como poden ser: limpeza viaria; conservación e mantemento das instalacións de alumeadado público; servizo de axuda no fogar (SAF); limpeza de edificios e instalacións municipais; mantemento da EDAR; subministración combustible e subministración enerxía eléctrica.

Consideramos que os orzamentos son mellorables e que non contaron con nós para facer achegas, polo que a nosa postura vai ser a abstención.

En canto ao cadro de persoal, queríamos saber se se está en contacto cos traballadores, solicitamos que se teña en conta a todos os traballadores da plantilla.

Por todo o anteriormente exposto, a nosa postura vai ser a abstención”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Antes de nada queríamos saber a premura deste pleno..., que se celebre un pleno extraordinario, cando dentro de trece días temos un pleno ordinario. Por que ven esta presa por facer este pleno extraordinario en relación a algo tan importante como son os orzamentos municipais do ano 2022? É un pleno importante... hai prensa... hai público porque vaise aprobar o orzamento,... hai varias ausencias por fácelo ás dez da mañá ... por que non se podía facer noutro horario e anunciálo?, por que non se anunciou o pleno do POS... e agora non se anuncia o pleno extraordinario do orzamento 2022?, hai algún ocultismo? Hai algo que esconder á xente para que poda ver como se debate sobre os orzamentos do ano 2022? Non sei... por que esta premura? e por que o horario ás dez da mañá, onde a maioría da xente está traballando e non pode vir a un pleno tan importante? Por que se fai un pleno extraordinario podendo incluírse na orde do día do pleno ordinario do 26?

O Sr. Alcalde-Presidente: “É un pleno extraordinario, a urxencia do pleno... non debiamos nin de contestarte, ti estivestes na Comisión Especial de Contas, con ocasión deste pleno, e podías facer estas preguntas na comisión, ningún dos partidos, tanto o BNG como o PSOE, fixestes ningunha pregunta, se dixos se se quería facer algunha pregunta, dixestes que non, se votou, levantamos e marchamos.

O pleno é extraordinario, o da urxencia do pleno é porque temos unhas fechas polo tema da plantilla, pero como non preguntades as cousas onde hai que preguntalas..., porque podo responder non só eu senón os técnicos, que no pleno non van contestar porque para iso están as comisións.

É un pleno extraordinario a urxencia é polo tema do cadro de persoal porque ten unhas fechas, e o segundo é ás dez da mañá porque así o queremos nós, ao ser extraordinario non está marcado, pode ser ás sete, ás oito ... segundo crea o equipo de goberno e nada máis.

Creo que está máis que xustificado e máis que contestado, sega vostede”.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Pardo Añón: “Nós facemos na comisión o mesmo que facían vostedes cando estaban na oposición.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Os orzamentos que nos acaban de presentar para nós carecen de todo tipo de proxecto de futuro para o Concello de Malpica, os investimentos reais son un 10% menos que no 2020, segue sen haber proxectos de inverter o remanente na promoción económica do municipio, pode ser en obras...

Vemos necesario que o Concello teña un orzamento, vós votastes en contra dos orzamentos 2020, uns orzamentos xemelos a estes, e dixestes que era porque non vos chamaramos para negociar antes de traelos a un pleno, a cuestión foi que dimitira Daniel, o concelleiro do BNG, e iades seis contra seis, e vós o que queriades era tumbar os orzamentos e paralizar o Concello. Nós non imos facer iso, nós nos imos abster.

Na fase de presentación de emendas imos facer emendas porque nós temos as nosas propias propostas, isto podía evitarse se vós como goberno, como falaba antes, e con unha ampla experiencia de xestión municipal, nos chamardes antes de traer os orzamentos a pleno e tiveramos un acordo. Na oposición reclamades que se vos chame pero gobernando non chamades a ninguén, predicamos unha cousa e facemos outra.

Vemos que nestes orzamentos se podían incluír as tarxetas para impulsar o comercio local, obras nas parroquias... varias cousas que se podía facer co remanente.

Vemos que hai unha falta de ambición dos orzamentos... o que vemos é un concello totalmente paralizado. Nestes orzamentos non está contemplada unha partida para a compra da parcela do centro médico; non hai unha partida contemplada para a xestión ou compra do mobiliario do centro de día; non hai unha partida notoria de investimentos para o futuro de Malpica, o que queremos dicir é o que xa dixemos antes: non tedes un plan de futuro para Malpica e Malpica con vós non ten futuro”.

Non habendo ningunha intervención máis e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

<p>Votos a favor: 6 (5 do grupo municipal do PP e 1 do concelleiro non adscrito) Votos en contra: 0 Abstencións: 5 (3 do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG)</p>
--

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por maioría dos membros presentes, aprobar o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas.

E non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente procede a levantala, sendo as 10:20 horas do día da data do que como Secretaria dou fe e certifico.

O Alcalde-Presidente,
Asd: Eduardo J. Parga Veiga

A Secretaria,
Asd: M^a Loreto López Fernández